

# Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

Resumo de resultados 28/02/2025

## ÍNDICE

Introdución .....	1
Fogares con discapacidade .....	2
Relación coa actividade da poboación con discapacidade .....	3
Discapacidade e mercado laboral segundo as características da persoa .....	4
Discapacidade e mercado laboral segundo as características laborais .....	6
Protección da discapacidade .....	8
Definicións e máis información .....	9
Definicións .....	9
Máis información .....	9

## Introdución

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza desde 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

No marco desta operación desenvólvese a Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade que busca afondar no coñecemento sobre o colectivo particular das persoas con discapacidade e a súa integración no mercado laboral. Máis concretamente, invéstigase: - As características demográficas, laborais e educativas das persoas con discapacidade - A igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade no ámbito laboral - A discapacidade dende a perspectiva de xénero - A tipoloxía dos fogares nos que residen persoas con discapacidade e a situación laboral dos seus membros - A prevalencia e gravidade da discapacidade - O nivel de protección que reciben as persoas con discapacidade: prestacións, incentivos para a incorporación ao mercado laboral e o recoñecemento da situación de dependencia

A poboación obxecto de investigación é o colectivo de persoas de 16 a 64 anos cun grao de discapacidade superior ou igual ao 33% e asimilados (Real Decreto Lexislativo 1/2013) e que residen en vivendas familiares principais.

## Fogares con discapacidade

En 2023 en Galicia uns 125.200 fogares contaban entre os seus membros con algunha persoa de 16 a 64 anos con discapacidade; isto representa o 11,2 % dos fogares galegos.

**Fogares con algunha persoa de idade entre 16 e 64 anos con discapacidade, segundo a relación coa actividade. Galicia. Ano 2023** *Unidade: miles de fogares, porcentaxe (%)*

Relación	Fogares	Porcentaxe
Total	125,2	100,0
Con algún membro activo	85,6	68,4
- Con todos os membros ocupados	67,0	53,5
- Con todos os membros parados	9,4	7,5
- Con ocupados e parados	9,2	7,3
Con todos os membros inactivos	39,5	31,5


Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

O 68,4 % destes fogares contaba con algunha persoa en activo entre os seus membros; no 31,5 % restante todos os seus membros eran persoas inactivas.

**Distribución dos fogares con algunha persoa de idade entre 16 e 64 anos con discapacidade segundo a relación coa actividade. Galicia. Ano 2023**

*Unidade: porcentaxe (%)*

- Con todos os membros ocupados
- Con todos os membros parados
- Con ocupados e parados
- Con todos os membros inactivos



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

## Relación coa actividade da poboación con discapacidade

No ano 2023 había en Galicia 135.000 persoas con discapacidade en idade de traballar (de 16 a 64 anos), o que supuxo o 8,2 % da poboación total en idade de traballar nese ano. Destas, o 31,2 % (unhas 42.100 persoas) clasifícanse como activas e o 68,9 % (unhas 93.000 persoas) como inactivas. A súa vez, dentro da poboación activa con discapacidade no 2023, o 84,6 % estaba ocupada e o 15,4 % restante en paro.

**Poboación de 16 a 64 anos segundo a relación coa actividade e se teñen ou non discapacidade. Galicia. Ano 2023** *Unidade: miles de persoas*

Relación	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Total	1.656,4	1.521,3	135,0
Poboación activa	1.228,1	1.186,0	42,1
Poboación ocupada	1.107,3	1.071,7	35,6
Poboación parada	120,8	114,3	6,5
Poboación inactiva	428,3	335,4	93,0

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

Ao comparar as taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, destaca a baixa participación do colectivo de persoas con discapacidade no mercado laboral galego. En 2023 a súa taxa de actividade situouse no 31,2 %, 46,8 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade. A taxa de emprego foi do 26,4 %, 44 puntos por debaixo da correspondente ás persoas sen discapacidade. A taxa de paro, pola contra, foi superior á deste colectivo: 15,4 % para as persoas con discapacidade fronte a 9,6 % para a poboación sen discapacidade.

**Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade. Galicia. Ano 2023**

*Unidade: %*


Taxas	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Taxa de actividade	74,1	78,0	31,2
Taxa de emprego	66,8	70,4	26,4
Taxa de paro	9,8	9,6	15,4

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

A evolución da taxa de actividade da poboación con discapacidade de Galicia en 2023 foi positiva: creceu 0,8 puntos respecto á do ano 2022. A taxa de emprego tamén creceu: 2,3 puntos. A taxa de paro diminuíu entre 2022 e 2023.

## Evolución das taxas de actividade, emprego e paro da poboación con discapacidade. Galicia

Unidade: %



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

## Discapacidade e mercado laboral segundo as características da persoa

A diferenza do que ocorre no colectivo de persoas sen discapacidade, no que a taxa de actividade feminina é inferior á masculina, para a poboación con discapacidade a primeira supera á segunda; é dicir, as mulleres con discapacidade teñen máis presenza no mercado laboral galego que os homes. Así, en 2023 a taxa de actividade feminina é 4,3 puntos superior á masculina.

En 2023 a taxa de emprego amosa o mesmo patrón que a de actividade: para o colectivo de persoas con discapacidade a taxa feminina é superior á masculina en 3,6 puntos, mentres que no caso da poboación sen discapacidade a taxa de emprego feminina é inferior á masculina en 2023.

No referido á taxa de paro, en 2023 o valor desta taxa entre o colectivo feminino de persoas con discapacidade (15,5 %) é lixeiramente superior á do colectivo masculino (15,3 %)

### Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, segundo o sexo. Galicia. Ano 2023

Unidade: %



Taxas	Persoas sen discapacidade		Persoas con discapacidade	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	81,9	74,2	29,3	33,6
Taxa de emprego	74,7	66,4	24,8	28,4
Taxa de paro	8,8	10,5	15,3	15,5

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

A participación no mercado laboral da poboación con discapacidade vén determinada polo grao e o tipo de discapacidade que padeza a persoa. Así, das 42.100 persoas con discapacidade que formaban parte da poboación activa en 2023, a meirande parte (o 54,6 %) tiña un grao de discapacidade de entre o 33 % e o 44 %.

### Distribución da poboación activa con discapacidade segundo o grao de discapacidade. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#)) Nota: o grupo "Non consta" está formado polos pensionistas que teñen recoñecida unha pensión de incapacidade permanente e que non están rexistrados na Base de Datos Estatal de Persoas con Discapacidade (BEPD)

Ademais, obsérvase que a taxa de actividade, así como a de emprego, é maior no caso das persoas con discapacidade física e outras: o 39,8 % da poboación con discapacidade física e outras de Galicia forma parte da poboación activa. A continuación sitúase a taxa de actividade da poboación con discapacidade sensorial (37,6 %).

### Taxas de actividade e emprego da poboación con discapacidade segundo o tipo de discapacidade. Galicia. Ano 2023

Unidade: %

Tipo	Taxa de actividade	Taxa de emprego
Total	31,2	26,4
Física e outras	39,8	33,9
Intelectual	22,7	18,7
Mental	26,5	16,5
Sensorial	37,6	31,2
Non consta	18,0	17,3


Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

## Discapacidade e mercado laboral segundo as características laborais

O 76,4% da poboación ocupada con discapacidade traballaba a xornada completa en 2023; esta porcentaxe é 9,9 puntos inferior á proporción correspondente ao colectivo de poboación ocupada sen discapacidade.

### Distribución da poboación ocupada con e sen discapacidade segundo a xornada laboral. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

A meirande parte dos traballadores e das traballadoras con discapacidade de Galicia son asalariadas; de feito, en 2023 o 80,9% da poboación ocupada con discapacidade traballou como asalariada. Destas, o 78,1% tiña contrato indefinido, 5,4 puntos menos que a poboación asalariada sen discapacidade.

## Distribución da poboación asalariada con e sen discapacidade segundo o contrato laboral. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

Para fomentar a inserción no mercado laboral do colectivo de persoas con discapacidade, o Sistema da Seguridade Social contempla reducións e bonificacións nas cotas de cotización, así como unha modalidade de contratación específica para traballadores e traballadoras con discapacidade (que, ademais de conlevar bonificacións nas cotas de cotización, contempla determinadas subvencións).

En 2023 unhas 16.100 persoas ocupadas con discapacidade tivo algún tipo de redución ou bonificación nas cotizacións á Seguridade Social; isto supón o 64,4% do colectivo de ocupados e ocupadas con discapacidade que cotizou á Seguridade Social en 2023. Esta porcentaxe é superior á porcentaxe rexistrada no ano anterior.

Ademais, uns 18.300 asalariados e asalariadas deste colectivo estiveron contratadas en 2023 baixo a modalidade específica de contrato para persoas con discapacidade.

**Poboación ocupada con discapacidade que cotiza á Seguridade Social segundo se tiveron reducións/bonificacións por discapacidade. Galicia. Ano 2023** *Unidade: miles de persoas, porcentaxe (%)*

Colectivo	Ano 2022		Ano 2023	
	Valores	Distribución	Valores	Distribución
Total de persoas ocupadas con discapacidade que cotizan á Seguridade Social	21,9	100,0	25,0	100,0
Sen bonificacións ou reducións nas cotas	9,4	42,9	8,9	35,6
Con bonificacións ou reducións nas cotas	12,4	56,6	16,1	64,4

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

## Protección da discapacidade

O 70,6 % da poboación de 16 a 64 anos con discapacidade de Galicia recibiu en 2023 unha prestación pública; na meirande parte dos casos, tratouse de prestacións derivadas de incapacidade: unhas 80.400 persoas con discapacidade beneficiáronse deste tipo de prestacións (o 59,6 % do colectivo).

A porcentaxe de poboación con discapacidade beneficiaria de prestacións públicas diminuíu entre 2022 e 2023.

No ano 2023 o 10,5 % das persoas con discapacidade de Galicia (unhas 14.200 persoas) tiñan recoñecida oficialmente a situación de dependencia.

### Persoas con discapacidade segundo reciban ou non prestacións. Galicia

*Unidade: miles de persoas, porcentaxe (%)*

Prestación	Ano 2022		Ano 2023	
	Valores	Distribución	Valores	Distribución
Total	131,2	100,0	135,0	100,0
Sen prestación	37,9	28,9	39,8	29,5
Con prestación derivada de incapacidade	77,1	58,8	80,4	59,6
Con prestación non derivada de incapacidade	16,2	12,3	14,8	11,0

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))



## Definicións e máis información

### Definicións

### Máis información

- Fogares segundo a presenza de discapacidade e a relación coa actividade. Galicia
- Persoas con e sen discapacidade segundo a relación coa actividade económica e o sexo. Galicia
- Taxas de actividade, emprego e paro das persoas con e sen discapacidade segundo o sexo. Galicia
- Persoas con dependencia segundo a relación coa actividade económica e o grao de discapacidade. Galicia
- Taxas de actividade e emprego das persoas con discapacidade segundo o tipo de discapacidade. Galicia
- Poboación ocupada con e sen discapacidade segundo a situación profesional. Galicia
- Poboación ocupada con e sen discapacidade segundo o tipo de xornada. Galicia
- Poboación asalariada con e sen discapacidade segundo o tipo de contrato e o sexo. Galicia
- Poboación ocupada con discapacidade que cotiza á Seguridade Social segundo reducións/bonificacións por discapacidade e sexo. Galicia
- Poboación asalariada con discapacidade que cotiza á Seguridade Social segundo teña contrato específico de discapacidade, segundo o sexo. Galicia
- Persoas con e sen prestacións derivadas de incapacidade segundo o sexo. Galicia
- Persoas en situación de dependencia recoñecida segundo o sexo. Galicia